



ACTA DO XV PREMIO CLARA CAMPOAMOR Á IGUALDADE DE OPORTUNIDADES (2021)

Sendo ás 12.00 horas do luns día 1 de marzo de 2021, no Salón de Plenos do Concello, reúnen-se as persoas integrantes do xurado encargadas de outorgar o *XV Premio Clara Campoamor á Igualdade de Oportunidades*, e que a continuación se relacionan: Telmo Manuel Ucha Álvarez, concelleiro de Igualdade, M^a Elena De Jesús Rodríguez, directora do CIMM, Lucia López Cedrón, en representación do Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Nerea Fernández Gómez, en representación da Comisión de Investigación e Seguemento da violencia exercida contra as mulleres, Luz Doporto Real, en representación do ámbito sociocultural e M^a Jesús Vázquez Fernández, xefa de negociado da Concellaría de Igualdade, actuando como secretaria.

Examinadas as propostas presentadas e os méritos aducidos, o xurado acorda por unanimidade conceder o *XV Premio Clara Campoamor á igualdade de oportunidades* ás **profesionais dos servizos de axuda no fogar (SAF)**, ao entender que reflicten dun xeito singular os traballos de coidados. Se algo se puxo especialmente en evidencia durante o confinamento imposto despois da declaración do estado de alarma foi precisamente a crise dos coidados e a necesidade urxente de situalos no centro das políticas públicas.

Estas profesionais, a pesar da diversidade de tarefas que desenvolven e das situacións persoais que teñen que atender, arriscando a súa integridade e a das persoas coas que interactúan, seguen a ser un dos sectores profesionais máis precarizados. A pesar de ser profesionais sociosanitarias de atención domiciliaria acreditadas foron excluídas do Real Decreto Lei 3/2021, impedindo así que se lles recoñeza como enfermidade profesional o contaxio por covid-19 durante a pandemia. Tampouco estiveron na lista do persoal prioritario para ser vacinadas, a pesar de ser o segundo colectivo máis contaxiado pola covid despois do persoal sanitario.

Nesta edición do premio, a Concellaría de Igualdade quere facer tamén unha **mención especial ao traballo desenvolvido polas nosas compañeiras de Benestar Social**, porque desde que se declarou o estado de alarma demostraron unha profesionalidade e unha implicación extraordinarias para non deixar desatendidas as necesidades básicas da poboación ourensá, pese a contar con moi pouco persoal e verse sometidas a sobreesforzos continuados para conseguir este obxectivo.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13:00 h. do que dou testemuño no lugar e data sinalados no encabezamento, asinando todas as presentes na devandita acta en proba de conformidade.

